



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE MEIGAS DE LAS HOGUERAS DE SAN JUAN DE LA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DAS FOGUEIRAS DE SAN JUAN 2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Meigas de la Hogueras de San Juan de La Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña para a o apoio á difusión da celebración da festa Fogueiras de San Xoán 2018, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.





Terceiro.- A Asociación de Meigas de las Hogueras de San Juan de A Coruña é unha asociación sen ánimo de lucro constituída co fin de realizar todas aquelas actividades de carácter social e cultural que sirvan para potenciar e dinamizar os aspectos tradicionais da noite de San Xoan e o seu entorno festivo e etnográfico.

Cuarto.- A festa das Fogueiras de San Xoán de A Coruña, declarada de interese turístico internacional no ano 2015, é un evento de prestixio que conxuga uns ritos ancestrais coas actividades lúdicas actuais que acadan o seu punto álxido coa celebración da “Noite da Queima”, na noite do 23 de xuño, que é o fito festivo de maior relevancia de todo o ano, sendo sen dúbida un momento máxico inigualable sen parangón posible con calquera outra noite. O culto ígneo desta noite vívese dende sempre con grande intensidade na cidade de A Coruña.

Así mesmo, a Festa do Aquelarre Poético coa proclamación da Meiga Maior ou a Festa do Solsticio Poético, na que se proclama a Meiga Maior Infantil serven de prólogo a todo un mes de actividades que terá como epílogo a tradicional Homenaxe á Bandeira.

Outro feito singular o constitúe, cada 21 de xuño, a puntual colocación da fogueira de San Xoán no areal de Riazor. A figura dunha bruxa na que ao redor se satirizan vivencias das que foi testemuña a cidade ao longo do derradeiro ano, forma o monumento de cartón pedra que será queimado na noite do 23 ao 24.

Quinto.- A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Meigas de la Hogueras de San Juan de La Coruña unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

